

AVISO LEGAL

1. DATOS IDENTIFICATIVOS

En cumprimento co deber de información recollido no artigo 10 da Lei 34/2002, do 11 de xullo, de Servizos da Sociedade da Información e do Comercio Electrónico (LSSI-CE), a continuación reflíctense os seguintes datos:

- **Titular:** Fundación Feiras e Exposicións de Lugo (en diante, "A FUNDACIÓN").
- **Domicilio social:** Avda. dos Deportes, S/N, 27004 – Lugo (España).
- **C.I.F.:** G27161496
- **Datos rexistrals:** Inscrita no Rexistro de Fundacións de Interese Galego co 1993/9
- **Correo electrónico de contacto:** correo@pfclugo.com
- **Teléfono:** 982 285 200

2. OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

O presente Aviso Legal regula o uso (incluíndo o mero acceso) das páxinas web integrantes do ecosistema dixital da FUNDACIÓN, incluídos os contidos e servizos postos a disposición nelas.

As presentes condicións son aplicables ao dominio principal **pfclugo.com**, así como a todos os dominios, subdominios e portais vinculados propiedade da FUNDACIÓN, incluíndo expresamente o sitio web do evento **xuvenlugo.com**.

Toda persoa que acceda a estes portais asume o papel de **Usuario**, comprometéndose á observancia e cumprimento rigoroso das disposicións aquí dispostas, así como a calquera outra disposición legal que fose de aplicación.

3. PROPIEDAD INTELECTUAL E INDUSTRIAL

A FUNDACIÓN, por si ou como cesionaria, é titular de todos os dereitos de propiedade intelectual e industrial das súas páxinas web, así como dos elementos contidos na mesma (a título enunciativo: imaxes, son, audio, vídeo, software ou textos; marcas ou logotipos, combinacións de cores, estrutura e deseño, selección de materiais usados, etc.).

Todos os dereitos reservados. En virtude do disposto na Lei de Propiedade Intelectual, quedan expresamente prohibidas a reprodución, a distribución e a comunicación pública, incluída a súa modalidade de posta a disposición, da totalidade ou parte dos contidos desta páxina web, con fins comerciais, en calquera soporte e por calquera medio técnico, sen a autorización da FUNDACIÓN.

4. USO DO PORTAL

Os sitios web da FUNDACIÓN proporcionan o acceso a multitude de informacións, servizos, programas ou datos (en diante, "os contidos") na Internet pertencentes á FUNDACIÓN ou aos seus licenciantes aos que o Usuario poida ter acceso.

O Usuario asume a responsabilidade do uso do portal. Dita responsabilidade esténdese ao rexistro que fose necesario para acceder a determinados servizos ou contidos. O Usuario comprométese a facer un uso adecuado dos contidos e servizos e a non empregalos para actividades ilícitas, ilegais ou contrarias á boa fe e á orde pública.

5. EXCLUSIÓN DE GARANTÍAS E RESPONSABILIDADE

A FUNDACIÓN non se fai responsable, en ningún caso, dos danos e prexuízos de calquera natureza que puidesen ocasionar, a título enunciativo: erros ou omisións nos contidos, falta de dispoñibilidade do portal ou a transmisión de virus ou programas maliciosos ou lesivos nos contidos, malia ter adoptado todas as medidas tecnolóxicas necesarias para evitalo.

Así mesmo, A FUNDACIÓN non se fai responsable da información e contidos almacenados, a título enunciativo pero non limitativo, en foros, chats, xeradores de

blogs, comentarios, redes sociais ou calquera outro medio que permita a terceiros publicar contidos de forma independente na páxina web do prestador.

6. LIGAZÓNS E PLATAFORMAS DE VENDA DE ENTRADAS

No sitio web pódense atopar ligazóns (links) que redirixen aos usuarios a plataformas ou sitios web externos. Neste sentido, é necesario diferenciar entre:

A) Plataforma de venda propia: No caso de ligazóns que dirixan á plataforma de venda de entradas xestionada directamente pola FUNDACIÓN (ticketera propia), A FUNDACIÓN asume a responsabilidade sobre o correcto funcionamento do servizo e a xestión da venda, a cal se rexerá polas súas propias Condicións Xerais de Contratación que o Usuario deberá aceptar antes de finalizar a compra.

B) Ligazóns a terceiros (Organizadores externos): Para eventos organizados por entidades alleas ao Pazo, o sitio web pode incluír ligazóns a plataformas de venda de entradas de terceiros (ex. Woutick, Ticketmaster, webs do promotor, etc.). Nestes casos, A FUNDACIÓN actúa como mero intermediario publicitario e **non exerce ningún tipo de control** sobre ditos sitios e contidos.

A FUNDACIÓN non asumirá responsabilidade algunha polas incidencias que poidan xurdir en procesos de compra realizados en plataformas externas (tales como cancelacións alleas ao recinto, erros no cobro ou políticas de devolución do promotor externo). O Usuario reconece que a relación contractual neses casos establécese directamente entre el e o promotor ou organizador do evento.

7. MODIFICACIÓNS

A FUNDACIÓN resérvase o dereito de efectuar sen previo aviso as modificacións que considere oportunas nos seus portais, podendo cambiar, suprimir ou engadir tanto os contidos e servizos que se presten a través da mesma como a forma na que estes aparezan presentados ou localizados.

8. LEXISLACIÓN APLICABLE E XURISDICCIÓN

A relación entre A FUNDACIÓN e o Usuario rexerase pola normativa española vixente. Para a resolución de calquera controversia, as partes sométense, con renuncia expresa a calquera outro foro, aos **Xulgados e Tribunais da cidade de Lugo**.